



Edición xestionada
por [Xabier Paradelo](#)

SUMARIO DE XERFA

Fernández Paz, Miranda e Suso de Toro en catalán, e en Bromera

FORO

A sección onde deixares [as túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

[30/01/2005 21:50] A editorial valenciana [Bromera](#) inclúe no seu catálogo moitas traducións da literatura infantil e xuvenil galega. Entre as novidades recentes apareceron dúas propostas de intriga e fantasía para mozas e mozos. Canda eles, abrindo a colección "Bromera Actual", un libro para o debate, o *Espanyols tots* de Suso de Toro. Por **Helena González**.

HISTORIAS DA LIÑA AZUL

Un [recanto literario para participar](#). Non perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes consultar todos os artigos publicados até o momento no [Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario literario](#) por Barcelona a partir de textos galegos ligados á cidade.

A MAN

A [información precisa](#) precisa para ter á vista: Entidades Galegas en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en Barcelona](#)



Bromera, a editorial de referencia en Valencia, ten publicado libros singulares como a biografía ilustrada de Blasco Ibáñez e mais a historia dos Borja, a cargo de Joan Francesc Mira, ou, preparando o centenario, o *Don Quixot de la Manxa* en catalán. Pero Bromera é sobre todo unha editora xeneralista que terma tanto da produción propia como da tradución. Como mostra, o noso. Bromera, conta cun importante volume de títulos galegos. Alí están o *Crime en*

Compostela de Reigosa, Fina Casalderrey, Miguel Vázquez Freire, Xosé María Álvarez Cásamo, Carlos Casares, Marilar Aleixandre... Non fixen as contas polo miúdo, pero bótase de ver que hai unha presenza continuada e relevante da literatura galega, e, especialmente, aquela que fixo maiores esforzos pola renovación de contidos e formas: a literatura infantil e xuvenil (LIX). A abundancia de traducións entre as linguas peninsulares demostran a boa saúde da LIX e por iso, sempre, sempre, me pregunto porqué o costume de ler, que se considera recomendable para os nenos, non se mantén logo nos adultos, que non len nada, ou len tan pouquечiño que...

Agustín Fernández Paz ben podería considerarse un autor de Bromera. Leva xa dez títulos traducidos para esa editorial, algúns con tanto éxito, que sobrepasan axiña a 4ª reimpresión, como *Nit d'ombres voraces*, ou *Cartes d'hivern*, que vai pola número 14. Este inverno publícanse tres relatos seus de intriga recollidos en *Tres passes pel misteri*: un arqueólogo que investiga o culto ás serpes, unha moza que descobre a historia dun accidente no camiño xacobeo e mais un mozo que, acabado de chegar a unha vila, descobre un secreto do pasado das xentes daquel lugar. No mesmo ano, no 2004, e na mesma editorial, apareceron outros dous libros infantís seus.

Pola contra, Xosé Miranda, escritor tamén de delongada traxectoria, aparece por primeira vez no catálogo –e coido que tamén en catalán– cunha historia de pouso etnográfico. *Pell de llop* conta a caza do lobo máis sanguinario da comarca do Incio. Non é nada estraño este interese por escribir a partir de relatos que cheiran a lareira, pois ten dedicado moitos esforzos á recuperación da literatura e da mitoloxía tradicionais.

Suso de Toro, como Fernández Paz, é un escritor galego habitual nos circuitos cataláns. Colabora nas páxinas de *La Vanguardia* e nalgúna revista semanal; o seu *Tic-Tac* aparecera na primeira edición en galego publicado por Edicions B e moitos dos seus libros foron verquidos ao español e ao catalán por editoriais catalanas; participa en xornadas, festivais de literatura... Precisamente entre as novidades en español acabadiñas de saír está o seu *El príncipe manco* (Barcelona: Lumen), que reúne os libros protagonizados polo Nano, i.e., o devandito *Tic-Tac* e *Círculo*. Co gallo desta publicación a librería La Central, no seu local do Raval, dedicaba unha parte das súas mesas de novidades de outono a mostrar toda a obra de Suso de Toro e mais algunhas outras publicacións de literatura galega, como a recopilación en español das lendas populares que preparou Camiño Noia para Nigra, algo de literatura infantil e xuvenil, dúas guías de viaxes, Carlos Casares, Cunqueiro, Rivas e Rosalía. Pois ben, este ano Suso de Toro tamén entrou a formar parte da editorial valenciana. Por unha banda publícase a tradución do libro co que acadou o Premio Nacional de Narrativa, *Tretze campanades*, e por outra, abre colección cun libro que cadra co

gusto de Bromera por fundamentar debates sobre a actualidade, o pensamento e os nacionalismos. Trátase do combativo *Espanyols tots*.

Non será moito esaxerar se se di que boa parte da literatura galega verquida ao catalán, haina que ir procurar a un só catálogo, o de Bromera.

Agustín Fernández Paz

- **Tres passes pel misteri**

Traducción de Josep Miquel Martínez

Alzira | Bromera | col. "Espurna" 70 | 2004

- **Raquel té por**

Traducción de Amaia Crespo

Alzira | Bromera | col. "Lletra màgica" 17 | 2004

- **Laura i els ratolins**

Traducción de Amaia Crespo

Alzira | Bromera | col. "Lletra màgica" 14 | 2004

Xosé Miranda

Pell de llop

Traducción de Josep Franco

Alzira | Bromera | col. "Espurna" 71 | 2004

Suso de Toro

- **Tretze campanades**

Traducción de Josep Franco

Alzira | Bromera | col. "L'eclèctica" 106 | 2004

- **Espanyols tots**

Traducción de Pau Joan Hernández

Alzira | Bromera | col. "Bromera Actual" 1 | 2004

31/01/2005 © Helena González

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❑ [Reiníciense as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❑ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en l'ouvor d'unha dona catalana'](#)
- ❑ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❑ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❑ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❑ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❑ ['Viaxes' de David Pintor en Sarqadelos Barcelona](#)
- ❑ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❑ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)